

SEMINARIO

***“Escocia, un país,
unha identidade,
unha cultura”***



DOCENTE: Prof. Xosé Antonio Neira Cruz

Datas: 15, 16, 17 e 18 de xaneiro de 2023

Horario: de 10:30-12:30 h

Lugar: por determinar

Prezo da matrícula: 22 € (alumnado IV Ciclo)
25,30 € (alumnado externo) +17,50 € (seguro de accidentes)

Prazo de matrícula: dende o 18 de setembro para o alumnado de IV Ciclo e do 25 de setembro para os externos

La matrícula se realizará telefónicamente y pago mediante domiciliación bancaria en el teléfono 881 814 588 o de forma presencial en la Secretaría del IV Ciclo. El mínimo de alumnos/as matriculados/as para poder impartirse este seminario será de 15.

INTRODUCCIÓN:

Os obxectivos deste seminario son mergullar ao alumnado nunha realidade cultural diferente á nosa; reflexionar sobre o pasado, presente e posibles claves futuras deste país europeo; e identificar os puntos de contacto entre Escocia e a nosa cultura.

OBXECTIVOS:

- Afondar nas raíces históricas de Escocia.
- Identificar as claves artísticas que marcaron a súa fisionomía.
- Recoñecela nos produtos culturais (literatura, pintura, cinema, etc.) que inspirou.
- Entendela na súa realidade presente, nun Reino Unido fóra da UE.

CONTIDOS

Velaquí o enunciado das catro unidades didácticas nas que o seminario estará organizado:

1. Historia, entre lenda e realidade.
2. Mitos e sinais de identidade.
3. Un país ao que lle senta ben a literatura.
4. Escocia hoxe, dentro e fóra da UE.

METODOLOXÍA

O seminario organizarase en catro clases maxistras presenciais de dúas horas de duración cada unha organizadas segundo os criterios didácticos do profesor responsable. Na medida do posible procurarase a participación de axentes externos vencellados ao tema exposto a través de conexións por Teams ou outros medios tecnolóxicos.

BIBLIOGRAFÍA

Barrera, Ana (2021): Breve historia de Escocia. Reino Unido: IP.

Heughan, Sam & McTavish, Graham (2021): Tierra de clanes. Madrid: Principal de los Libros.

Palma Roldán, Manuel Jesús (2014): Escocia misteriosa. Córdoba: Almuzara.

Trevor-Roper, Hugh (2002). «La invención de la tradición: la tradición de las Highlands en Escocia». En Hobsbawm, Eric; Ranger, Terence, eds. La invención de la tradición. Barcelona: Crítica. pp. 23-48.